



## CIRCULAR Nº 16

TEMPADA 2022/23

### XXX CAMPIONATO GALEGO VETERANO – CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA

---

#### DATAS E LOCAL DE XOGO

---

13 e 14 de maio de 2023

[Pavillón Campo da Serra, Santa Icia \(Narón\).](#)

#### PROBAS A DISPUTAR

---

##### Sábado, 13 de maio:

- Individual Masculino +40
- Individual Masculino +50
- Individual Masculino +60
- Individual Masculino +65
- Individual Feminino.
- Dobres Masculino.
- Dobres Feminino.
- Dobres Mixto.

##### Domingo, 14 de maio:

- Equipos Masculinos +40
- Equipos Masculinos +50
- Equipos Masculinos +60
- Equipos Femininos:

#### SISTEMA DE XOGO

---

- Equipos Masculinos +40: Copa do mundo (mínimo 3 xogadores)
- Equipos Masculinos +50 e +60 e Femininos: Corbillón (mínimo 2 xogadores)

Sempre que o número de equipos o permita, intentarase facer unha 1ª fase por grupos e unha 2ª fase eliminatoria.

Nas restantes probas, sempre que o número de inscricións o permita, intentarase facer unha 1ª fase por grupos e unha 2ª fase eliminatoria.

#### INSCRICIÓN

---

A inscrición será libre para todos aqueles xogadores/as de categoría veterano con licencia en vigor e tramitada, como mínimo, antes de finalizar o prazo de inscrición do presente campionato.

Todas as inscricións deberán formalizarse mediante o **novo sistema de inscrición** da FGTM antes do **02 Maio de 2023 ás 14:00 h.**

***Ó tratarse dun sistema de inscricións novo, recomendamos ós delegados dos clubs, realicen as inscricións cun tempo prudencial de antelación para evitar posibles problemas co mesmo.***



FEDERACIÓN GALEGA  
DE TENIS DE MESA  
Luis Ksado 17 Local 20  
36209 – Vigo (Pontevedra)  
Web: [www.fgtm.es](http://www.fgtm.es)  
E-mail: [secretaria@fgtm.es](mailto:secretaria@fgtm.es)  
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE  
GALEGO

Unha vez rematado o prazo de inscrición, a FGTM enviará a factura correspondente ó total das taxas de inscrición:

- Equipos: 10 €/equipo
- Individuais: 5 €/xogador/a
- Dobres: 5 €/parella.

**Prégase ós clubs que non realicen ningún pago ata que non reciban a correspondente factura.**

Os dereitos de inscrición faranse efectivos na conta **Banco Santander ES75 0049 5600 1721 1000 4314**, indicando o número de factura, e enviando o xustificante de ingreso a [tesoreria@fgtm.es](mailto:tesoreria@fgtm.es).

**Non se admitirá ningunha inscrición que non realizase o abono da factura nun prazo de 48 h despois de recibida e enviase o correspondente xustificante de pago.**

Tal como se especifica na Circular nº 12 – Normativa dos Campionatos Galegos, aquelas inscricións recibidas fóra de prazo ou que non formalizasen o pago dos dereitos de inscrición no prazo indicado, para regularizar a súa situación, deberán aboar o dobre dos dereitos de inscrición arriba indicados. Estas inscricións, se se producen antes da publicación do listado definitivo de inscritos, serán admitidas sempre e cando veñan acompañadas do xustificante de pago. Se se producen despois, quedarán en reserva á espera de posibles baixas na competición.

Para consultar con máis detalle todo o referente a estes campionatos pódese ir á [Circular n12 – Normativa dos Campionatos Galegos](#), que se atopa no apartado de CIRCULARES da páxina web

O Comité de Actividades poderá variar algunha das normas, comunicándoo coa suficiente antelación.

*Oroso, 31 de Marzo de 2023*



*Fernando Álvarez  
Comité de Actividades FGTM*